

SI

# Galicia, a economía en dixital.
# Tecnoloxías disruptivas nas empresas de Galicia

## Edición 2022

AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

**Edita:** Xunta de Galicia

**Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)**

**Lugar:** Santiago de Compostela

**Ano:** 2023

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución

Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)

Dispoñible en: https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl

# Galicia. A economía en dixital. A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

Edición 2022

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)

**Xunta de Galicia**

Consellería de Facenda e Administración Pública

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela
**2022**

# ÍNDICE DE CONTIDOS

ÍNDICE DE CONTIDOS ........ 4
INTRODUCIÓN ........ 6
I. Caracterización do sector empresarial galego ........ 9
II. Uso das TIC e Comercio Electrónico nas empresas galegas ........ 14
II.I Equipamento e Conectividade ........ 15
II.I.I. Uso de Ordenadores ........ 15
II.I.II. Conectividade ........ 19
II.I.III. Software libre ........ 26
II.I.IIII. Acceso remoto ........ 27
II.II. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC ........ 31
II.III. Dixitalización da organización e xestión das empresas ........ 41
II.III.I. Servizos web ........ 41
II.III.II. Teletraballo ........ 42
II.III.III. Medios Sociais ........ 44
II.III.IV. Comercio electrónico ........ 48
II.IV. Tecnoloxías disruptivas ........ 63
II.IV.I. Intelixencia Artificial (IA) ........ 63
II.IV.II. Big Data ........ 65
II.IV.III. Robots ........ 67
II.V. Ciberseguridade ........ 70
II.VI. Gasto en TIC ........ 78
II.VII. Reciclaxe ........ 81
III. Análise Sectorial ........ 84
III.I Equipamento e Conectividade ........ 84
III.I.I. Uso de Ordenadores ........ 84
III.I.II. Conectividade ........ 85
III.I.III. Software libre ........ 86
III.I.IV. Acceso remoto ........ 87
III.II. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC nas empresas ........ 88
III.III. Dixitalización da organización e xestión das empresas ........ 90
III.III.I. Servizos web ........ 90
III.III.II. Teletraballo ........ 91
III.III.III. Medios Sociais ........ 92
III.III.IV. Comercio electrónico ........ 93
III.IV. Tecnoloxías disruptivas ........ 94

III.IV.I. Intelixencia Artificial (IA) ... 94
III. IV.II. Big Data ... 95
III.IV.III. Robots ... 96
III.V. Ciberseguridade ... 97
III.VI. Reciclaxe ... 98
IV. Análise por provincias ... 100
IV.I Equipamento e Conectividade ... 100
IV.I.I. Uso de Ordenadores ... 100
IV.I.II. Conectividade ... 101
IV.I.III. Acceso remoto ... 102
IV.II. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC nas empresas ... 103
IV.III. Dixitalización da organización e xestión das empresas ... 104
IV.III.I. Servizos web ... 104
IV.III.II. Teletraballo ... 105
IV.III.III. Redes Sociais ... 106
IV.III.IV. Comercio electrónico ... 107
IV.IV. Tecnoloxías disruptivas ... 108
IV.IV.I. Intelixencia Artificial (IA) ... 108
IV.IV.II. Big Data ... 109
IV.IV.III. Robots ... 110
IV.V. Ciberseguridade ... 111
IV.VI. Reciclaxe ... 112
V. Conclusións ... 114
INDICE DE TÁBOAS E GRÁFICOS ... 117
ANEXO: DESCRICIÓN DE CNAES 2009 ... 125

# INTRODUCIÓN

O informe "A sociedade da información nas empresas de Galicia" presenta o seguimento e a avaliación anual dos indicadores relativos á dixitalización do tecido empresarial galego, de xeito que permite determinar a situación e a evolución dos equipamentos e usos das novas tecnoloxías e as comunicacións nas empresas galegas.

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), é o responsable de realizar a análise que se presenta neste Diagnóstico sobre o equipamento e uso das TIC. Este proxecto ven enmarcado dentro dos obxectivos e estratexias da Estratexia Galicia Dixital 2030. Dento do obxectivo de "desenvolvemento do ecosistema dixital en Galicia", a EGD2030 define numerosas actuacións enmarcadas na "dixitalización empresarial, cambios dos procesos organizativos". Moitos deses avances poden ser medidos e avaliados a través dos datos que se difunden neste informe.

O documento analiza en detalle información cuantitativa de microempresas e das empresas de 10 ou máis traballadores/as, relacionada co equipamento TIC e conectividade a Internet, xestión empresarial a través do uso de ferramentas TIC, o comercio electrónico, a dispoñibilidade de páxina web e os crecentes fenómenos das redes sociais e as tecnoloxías disruptivas máis recentes e innovadoras. Tamén se detén en cuestións relacionadas co teletraballo e ferramentas facilitadoras, o uso do software libre e a interacción coas Administracións Públicas a través de Internet.

Ofrécese información diferenciada para dous segmentos empresariais:

- Empresas con sede en Galicia
- Empresas con actividade en Galicia, aínda que a súa sede non se estableza na Comunidade Galega.

Este diagnóstico inclúe tamén información desagregada segundo o número de empregados/as, actividade económica e unha análise por provincias. Ademais, a fin de obter un enfoque da evolución dos indicadores e a súa repercusión e avance entre as empresas, inclúense gráficas comparativas daqueles indicadores ou variables máis significativas.

O informe actualízase con novos indicadores cada ano, segundo o vai facendo a fonte da que proveñen os datos. Nesta edición, na que o traballo de campo realizouse en 2022, debe subliñarse a inclusión ou ampliación de contidos nos apartados dedicados a Internet das cousas, teletraballo , Intelixencia Artificial, Ciberseguridade, Big Data e tamén a inclusión dun módulo específico que recolle información sobre reciclaxe de equipamentos TIC.

**Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística**

Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración, asinado entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nas empresas galegas.

O acordo de colaboración asinado permite a OSIMGA acceder aos datos deste estudo, que procedan da Enquisa de uso TIC e comercio electrónico nas empresas, que realiza o INE e son transferidos a través do IGE. Ademais, o acordo establece a ampliación dos datos que publica o INE no que se refire a:

- Ampliación de datos relativos ás microempresas galegas

- Explotación específica realizada polo IGE de datos relativos ao uso do Comercio Electrónico nas empresas galegas.

- Obtención, a través do IGE, de datos das empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na nosa comunidade, ofrecendo datos complementarios aos que actualmente proporciona o INE.

Con este convenio de colaboración evítase a duplicidade de enquisas, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.



# I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO

O número de empresas en Galicia no 2021 é de 196.530
Un 96,4% son microempresas (de 0 a 9 traballadores/as).
O 79,9% das empresas galegas pertencen ao sector Servizos

# I. Caracterización do sector empresarial galego

Este primeiro capítulo detalla as características das empresas galegas como o seu tamaño, a actividade que desenvolven ou a condición xurídica na que se inscriben, tomando como fonte de información o Directorio de Empresas e unidades locais (DIRCE) do Instituto Nacional de Estatística (INE).

O total de empresas galegas durante o ano 2022 acada as 196.530. A gran maioría das empresas galegas son microempresas (96,4%), teñen por tanto de 0 a 9 empregados /as.

### C.1 Empresas con sede en Galicia

*(Total de Empresas)*

| Total | 196.530 |
|---|---|
| Sen asalariados/as | 106.312 |
| De 1 a 2 asalariados/as | 56.938 |
| De 3 a 5 asalariados/as | 18.835 |
| De 6 a 9 asalariados/as | 7.193 |
| De 10 a 19 asalariados/as | 4.001 |
| De 20 a 49 asalariados/as | 2.166 |
| De 50 a 99 asalariados/as | 585 |
| De 100 a 199 asalariados/as | 289 |
| De 200 ou máis asalariados/as | 211 |

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2022

**G.1. Estrato de Asalariados/as**




Fonte: INE, Directorio central de empresas 2022

Ao longo do informe e, co obxectivo de facilitar a exposición da información, consideraranse dous estratos de emprego: as empresas de 0 a 9 traballadores/as (o 96,4%) e as de 10 ou máis asalariados/as (3,6%).

Compararase tamén a dixitalización das empresas segundo a ubicación xeográfica da súa sede, destacando que o 41,3% das empresas galegas teñen a súa sede na provincia da Coruña, e o 35,1% na de Pontevedra.

### C.2 Empresas con sede en Galicia

(Total de Empresas)

| | DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS | 10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS | TOTAL |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 78.106 | 3.055 | 81.161 |
| LUGO | 23.366 | 743 | 24.109 |
| OURENSE | 21.702 | 671 | 22.373 |
| PONTEVEDRA | 66.104 | 2.783 | 68.887 |
| TOTAL | 189.278 | 7.252 | 196.530 |

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2022

### C.3 Estrato de Asalariados/as por Provincia.

(Total de Empresas con sede en Galicia)

| | DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS | 10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS | TOTAL |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 39,7% | 1,6% | 41,3% |
| LUGO | 11,9% | 0,4% | 12,3% |
| OURENSE | 11,0% | 0,3% | 11,3% |
| PONTEVEDRA | 33,7% | 1,4% | 35,1% |
| TOTAL | 96,3% | 3,7% | 100,0% |

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2022

Case o 80% das empresas galegas dedícanse ao sector Servizos. Dentro deste sector, destacan as entidades relacionadas coas actividades de Comercio por xunto e ao retallo e a reparación de vehículos de motor e motocicletas (43.697 empresas) e tamén as actividades profesionais, científicas e técnicas (21.610 empresas).

### G.2. Actividade principal da empresa

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)




Fonte: INE, Directorio central de empresas 2022

### C.4 Empresas con sede en Galicia

| Total | 196.530 |
|---|---|
| **INDUSTRIA** | **11.724** |
| B-Industria extractiva | 184 |
| C-Industria manufacturereira | 10.956 |
| D-Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | 364 |
| E-Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e contaminación | 220 |
| **F-CONSTRUCIÓN** | **27.631** |
| **SERVIZOS** | **157.175** |
| G- Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas | 43.697 |
| H - Transporte e almacenamento | 11.908 |
| I - Hostalaría | 18.080 |
| J - Información e comunicacións | 2.821 |
| K - Actividades financeiras e de seguros | 4.949 |
| L - Actividades inmobiliarias | 8.309 |
| M - Actividades profesionais, científicas e técnicas | 21.610 |
| N - Actividades administrativas e servizos auxiliares | 10.099 |
| P - Educación | 7.326 |
| Q - Actividades sanitarias e de servizos sociais | 8.511 |
| R - Actividades artísticas, recreativas e de entretemento | 6.588 |
| S - Outros servizos | 13.277 |

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2022

O 58,6% das empresas galegas clasifícanse como persoas físicas, a forma xurídica máis frecuente, mentres que o restante 41,4% son sociedades e outras formas xurídicas.

### G.3. Condición Xurídica




Fonte: INE, Directorio central de empresas 2022




# II. USO DAS TIC E COMERCIO ELECTRÓNICO NAS EMPRESAS GALEGAS

**As empresas de 10 ou máis traballadores que dispoñen de velocidade de máis de 100 Mbps increméntanse en 2022 e pasan neste último ano do 65,3% ao 71%. No caso das microempresas, no 2022 a porcentaxe quédase nun 57,7%.**

**No 2022, o 4,6% das microempresas galegas utilizan Intelixencia artificial, igualando a media estatal. No caso das empresas de 10 ou máis empregados/as, a porcentaxe sitúase no 14,8% e superan así a media estatal (11,8%).**

**Aumenta en 2022 lixeiramente a porcentaxe de empresas galegas que analizan Big Data. O maior incremento rexístrase entre as empresas galegas de 10 ou máis asalariados/as, onde a análise de Big Data sitúase no 14,4%.**

# II. Uso das TIC e Comercio Electrónico nas empresas galegas

Neste capítulo abordarase o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación nas empresas galegas, analizando diversos aspectos relacionados coas TIC e o comercio electrónico:



1. Equipamento e Conectividade



2. Talento Dixital: especialistas e perfísTIC



3. Dixitalización da organización e xestión das empresas



4. Tecnoloxías disruptivas



5. Ciberseguridade



6. Gasto en TIC



7. Reciclaxe

Os resultados que proporcionaremos de seguido, estrutúranse en estratos agrupados por volume de traballadores/as das empresas:

- Microempresas (de 0 a 9 traballadores/as)
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as **con sede** en Galicia
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as **con sede e/ou actividade** en Galicia.

A serie temporal que se detalla a modo de comparativa de evolución vai en xeral do ano 2019 ata o 2022.

# II.I Equipamento e Conectividade

## II.I.I. Uso de Ordenadores

Os ordenadores están presentes na práctica totalidade de empresas de 10 ou máis empregados/as. Nas microempresas segue a tendencia alcista deste equipamento. No 2022 os ordenadores de usuario están presentes no 84,6% das microempresas galegas, crecendo a súa presenza nun 2,3% no último ano.

### G.4. Empresas que dispoñen de ordenadores

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

### G.5. Evolución do Indicador. Empresas que teñen ordenadores: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE (2022)

## G.6. Evolución do Indicador. Empresas que teñen ordenadores: Galicia e España




Fonte: INE (2022)

A dixitalización chega a case todo o plantel das empresas, o 76,1% do persoal das microempresas galegas emprega ordenadores con fins empresariais e nas empresas de dez ou máis empregados xa é o 68,1%.

## G.7. Persoal que emprega ordenadores con fines empresariais




Fonte: INE (2022)

Se no ano 2021, o 44% dos empregados/as das microempresas tiñan á súa disposición un dispositivo portátil para conectarse a Internet para uso empresarial, no 2022 este indicador acada o 65%, o que supón un crecemento do 47,7%.

A porcentaxe de persoal ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil é maior nas microempresas e nas grandes empresas con sede e actividade en Galicia. Ademais, vemos como a porcentaxe de persoal que recibe dispositivos portátiles para usos empresariais aumenta este ano, tanto para as pequenas como para as grandes empresas.

**G.8. Persoal ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a internet para uso empresarial**

(% sobre o total de persoal)




Fonte: INE (2022)

Tanto nas microempresas como as empresas con 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia, a porcentaxe de persoal ao que se lle entregou un dispositivo portátil para ter conexión móbil con fins empresariais é superior á media estatal. No caso das microempresas, en Galicia este indicador acada un 65%, cunha vantaxe de 12 puntos porcentuais sobre a media estatal (53%).

**G.9. Evolución do Indicador. Persoal ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a Internet para uso empresarial: Galicia e España**

(% sobre o total de persoal nas empresas con 10 ou máis traballadores/as)




Fonte: INE (2022)

## G.10. Evolución do Indicador. Persoal ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a Internet para uso empresarial: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2022)

### II.I.II. Conectividade

Ao igual que se ven observando nos últimos anos, a contratación da Internet, no 2022, acada a práctica totalidade das empresas de 10 ou máis empregados/as. Pola súa banda, entre as microempresas, a porcentaxe de contratación de Internet sitúase no 80,3%.

**G.11. Acceso a Internet contratado**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

**G.12. Evolución do Indicador. Empresas que teñen acceso a Internet contratado: Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE (2022)

### G.13. Evolución do Indicador. Empresas que teñen acceso a Internet contratado: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2022)

### G.14. Persoal que emprega ordenadores conectados a Internet con fines empresariais

(% sobre o total de persoal)




Fonte: INE (2022)

O persoal das microempresas é o que emprega en maior medida ordenadores conectados a internet con fins empresariais. No caso das empresas de dez ou máis traballadores con sede en Galicia, case a metade (49%) utiliza ordenadores conectados a Internet.

A conexión de banda larga fixa a través de redes de cable ou fibra óptica continúa sendo a máis contratada polas empresas galegas con conexión a Internet, tanto nas empresas de 10 ou máis empregados/as como nas microempresas.

## G.15. Tipo de conexión a Internet – Banda Larga Fixa

Banda larga fixa : (% sobre o total de empresas con conexión a Internet)
Resto: (% sobre o total de empresas con conexión a Internet con conexión de banda larga fixa)




Fonte: INE (2022)

Na evolución das modalidades de conexión de banda larga fixa, cabe salientar o crecemento das "Redes de cable e fibra óptica" entre as microempresas galegas. No caso do ADSL, durante os últimos anos, vemos como está decaendo o seu uso.

### G.16. Evolución do tipo de conexión a Internet a través de banda larga fixa: Evolución. Empresas de 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia.




Fonte: INE (2022)

### G.17. Evolución do tipo de conexión a Internet a través de banda larga fixa: Evolución. Empresas de 0 a 9 empregados/as.




Fonte: INE (2022)

En canto á velocidade de conexión contratada, a que máis se repite entre as empresas é a velocidade contratada maior ou igual que 100 Mb/seg e inferior a 500 Mb/seg. En todos os estratos, máis do 57% das empresas galegas teñen contratada unha velocidade superior ou igual a 100 Mb/seg.

### G.18. Velocidade Contratada

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet e banda larga fixa)




Fonte: INE (2022)

O aumento da velocidade contratada segue a ser notorio nas empresas de 10 ou máis empregados. No ano 2022 volve incrementarse a porcentaxe de empresas con velocidade contratada maior o igual que 100 Mb/seg.

As microempresas, durante o último ano aumentaron as contratacións de velocidades non superiores a 100 Mb/seg, pasando dun 18% a un 26,8% en 2022.

### G.19. Velocidade contratada:. Evolución. Empresas de 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia.

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con sede e actividade en Galicia conexión a Internet e banda larga fixa)




Fonte: INE (2022)

### G.20. Velocidade Contratada: Evolución. Empresas de 0 a 9 empregados/as.

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet e banda larga fixa)




Fonte: INE (2022)

Respecto da contratación da Banda Larga móbil, cabe destacar o seu crecemento sostido nos últimos anos, acadando porcentaxes por riba do 80% nas micro e nas grandes empresas.

### G.21. Empresas con acceso a Internet por banda larga móbil 3G ou superior

(% sobre o total de empresas con conexión a Interet)




Fonte: INE (2022)

## G.22. Empresas con acceso a Internet por banda larga móbil 3G ou superior. Empresas de 10 ou máis empregados/as: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)-Nota: No ano 2020 non se facilitou este indicador

## G.23. Empresas con acceso a Internet por banda larga móbil 3G ou superior. Empresas de 0 a 9 empregados/as: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)-Nota: No ano 2020 non se facilitou este indicador

## II.I.III. Software libre

Máis do 85% das empresas de 10 ou máis traballadores en Galicia fan uso de algún tipo de software de código aberto. No caso das microempresas esta porcentaxe consigue superar o 65% do total de empresas.

**G.24. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software aberto**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

## II.I.IIII. Acceso remoto

A porcentaxe de grandes empresas con actividade ou sede en Galicia que desenvolve reunións remotas é superior ao seu uso no nivel estatal; mentres que para as primeiras atopamos un 57,8% de empresas que afirman levar a cabo reunións remotas por internet, no caso de España esta cifra é de 54,2%. Entre as microempresas, as reunións virtuais iguálanse entre Galicia e España, en pouco máis do 20%.

### G.25. Empresas que levan a cabo reunións remotas a través de Internet: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE (2022)

### G.26. Empresas que levan a cabo reunións remotas a través de Internet: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2022)

A realización de reunións remotas fai emerxer novas ameazas que esixen establecer pautas de seguridade, que xa aplica a maioría das grandes empresas e case a metade das de menos de 10 empregados/as.

Un 45,1% das microempresas galegas que realizan reunións remotas empregan algún tipo de pauta de seguridade das TIC para a xestión destas reunións e un 59,2% teñen pautas que favorecen reunións remotas a través de Internet en lugar de viaxes de negocios. No caso das empresas de dez ou máis traballadores xa o 62,3% das que realizan reunións aplican pautas de seguridade e o 54,4%, favorécenas para evitar viaxes.

## G.27. Empresas que teñen algún tipo de pauta de seguridade e que favorecen reunións remotas




Fonte: INE (2022)

## G.28. Empresas que teñen algún tipo de pauta de seguridade e que favorecen reunións remotas:Galicia e España




Fonte: INE (2022)

Un 41,6% das microempresas galegas dispoñen de persoal con acceso remoto, quedando cinco puntos porcentuais por debaixo da media española (46,7%). A situación das empresas de máis traballadores é distinta, pois o numero de persoal que ten acceso remoto é moi superior á cifra das pequenas empresas; en Galicia, o 78,6% das grandes empresas con sede na comunidade teñen persoal con acceso remoto, cifra moi próxima á estatal.

Atendendo á porcentaxe de empregados que teñen acceso remoto nesas empresas de 10 ou máis empregados, as empresas con actividade en Galicia igual practicamente a media española, mentres as que teñen sede en Galicia, quédanse 3,7 puntos porcentuais e a máis de 5 puntos as microempresas.

Das que facilitan acceso remoto, o acceso ao correo electrónico é case universal en todas. O acceso a documentos e aplicacións é similar nas empresas Galegas e Españolas de 10 ou máis empregados/as. Nas de 10 ou menos, o persoal con acceso a documentos e aplicacións é algo inferior no caso galego que no do estado.

## G.29. Empresas que teñen persoal con acceso remoto: Galicia e España




Fonte: INE (2022)

## G.30. Empresas que teñen persoal con acceso remoto: Galicia e España




Fonte: INE (2022)

## G.31. Empresas por tipo de acceso remoto do persoal: Galicia e España




Fonte: INE (2022)

### G.32. Empresas por tipo de acceso remoto do persoal: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as onde o persoal ten acceso remoto)




Fonte: INE (2022)

### G.33. Porcentaxe de empregados con acceso remoto: Galicia e España

(% sobre o total de empregados das empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE (2022)

### G.34. Empregados con acceso remoto: Galicia e España

(% sobre o total de empregados das empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2022)

# II.II. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC

Unha de cada cinco empresas de 10 ou máis empregados/as con sede ou actividade en Galicia contan con especialistas TIC. No caso das microempresas, a súa presenza é moito menor, pero en termos similares aos valores que rexistra o resto do Estado.

### G.35. Empresas que empregan especialistas TIC

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

### G.36. Evolución do indicador. Empresas que empregan especialistas TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE (2022)

### G.37. Evolución do indicador. Empresas que empregan especialistas TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2022)

Cando falamos do tipo de tecnoloxías que empregan estes especialistas, o que máis destaca son os especialistas TIC en datos, empregados polo 7,6% das empresas de 10 ou máis traballadores e sede en Galicia.

**G.38. Empresas que empregan especialistas TIC (tipoloxía)**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

No 2022, crece a proporción de mulleres especialistas TIC nas empresas galegas. O 55,4% das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as con sede e/ou actividade en Galicia que contan con perfís TIC emprega mulleres especialistas TIC o que supón un crecemento relativo do 5,9%. No caso das microempresas, a contratación de mulleres especialistas TIC acada 47% fronte ao 41,7% do ano 2021, rexistrando un incremento do 12,7% e máis do 100% en dous anos.

En todos os estratos, nas empresas que empregan perfís TIC, a contratación de mulleres especialistas TIC supera o 40%.

Neste indicador destaca o feito de que tanto as microempresas como as empresas de 10 ou máis empregados/as galegas superan á media estatal.

### G.39. Empresas con mulleres especialistas TIC

(% sobre o total de empresas que empregan especialistas TIC)




Fonte: INE (2022)

### G.40. Evolución do indicador. Empresas con mulleres especialistas TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as que empregan especialistas TIC)




Fonte: INE (2022)

### G.41. Evolución do indicador. Empresas con mulleres especialistas TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan especialistas TIC)




Fonte: INE (2022)

Por outra banda, a porcentaxe de persoal especialista TIC sobre o total de persoal non chega a ser nin o 5%, tanto nas pequenas empresas como en aquelas que teñen máis de 10 traballadores.

Se analizamos o número de mulleres que compoñen o persoal especialista TIC, nas microempresas un 37,8% do persoal especialista TIC está composto por mulleres, sendo a cifra de persoal feminino máis alta, por enriba das empresas de máis de 10 traballadores con sede ou actividade en Galicia.

## G.42. Persoal especialista TIC

(% sobre o total de persoal)




Fonte: INE (2022)

## G.43. Mulleres especialistas TIC

(% sobre o total de especialitas TIC)




Fonte: INE (2022)

## G.44. Persoal especialista TIC (tipoloxía)

(% sobre o total de persoal especialista TIC)




Fonte: INE (2022)

### G.45. Mulleres especialistas TIC (tipoloxía)

(% sobre o total de persoal especialista)




Fonte: INE (2022)

Case un 15% das empresas de 10 ou máis traballadores con sede ou actividade en Galicia contrataron (ou tiveron a intención de facelo) a persoal especial

ista en tecnoloxías da información e comunicación. Os indicadores amosan que a contratación é maior no nivel estatal, sendo a porcentaxe das empresas de máis de 10 traballadores dun 12,8% no ano 2022, fronte a un 9,3% das empresas con sede en Galicia, pero crece en ambos casos respecto do ano anterior.

### G.46. Empresas que contrataron ou tentaron contratar especialistas en TIC

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

### G.47. Evolución do indicador. Empresas que contrataron ou tentaron contratar especialistas en TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE (2022)

### G.48. Evolución do indicador. Empresas que contrataron ou tentaron contratar especialistas en TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2022)

No ano 2022, o 6,6% das empresas con 10 ou máis empregados/as con sede ou actividade en Galicia tiveron dificultade para cubrir algunha vacante de especialista en TIC fronte ao 4,3% da media estatal.

### G.49. Empresas que tiveron dificultade para cubrir algunha vacante de especialista en TIC

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

**G.50. Evolución do indicador. Empresas que tiveron dificultade para cubrir algunha vacante de especialista en TIC: Galicia e España**




Fonte: INE (2022)

**G.51. Evolución do indicador. Empresas que tiveron dificultade para cubrir algunha vacante de especialista en TIC: Galicia e España**




Fonte: INE (2022)

As principais dificultades que se atopan as microempresas galegas para cubrir postos de traballo de especialistas TIC son as expectativas salariais dos solicitantes e a falta de solicitudes, que alcanzan o 100% en ambos casos.

Entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as, a falta de experiencia laboral e a falta de cualificación dos solicitantes son os obstáculos máis sinalados para cubrir algunha vacante de especialistas en TIC.

## G.52. Dificultades para cubrir algunha vacante de especialista en TIC

(% sobre o total de empresas con dificultades para cubrir algunha vacante de especialistas en TIC)




Fonte: INE (2022)

No 2022, o 27,6% das empresas de 10 ou máis empregados/as con sede ou actividade en Galicia proporcionaron accións formativas TIC ao seu persoal. Cabe salientar que entre as microempresas galegas, despois do leve incremento do ano pasado, experimentaron durante 2022 unha baixada ata menos do 2%, por debaixo da media estatal.

### G.53. Actividades formativas TIC aos seus empregados /as




Fonte: INE (2022)

### G.54. Evolución do Indicador. Empresas que proporcionaron actividades formativas TIC aos seus empregados /as. Comparación Galicia e España




Fonte: INE (2022)

### G.55. Evolución do Indicador. Empresas que proporcionaron actividades formativas TIC aos seus empregados /as: Galicia e España




Fonte: INE (2022)

No 2022, as actividades formativas foron facilitadas en maior medida a persoal que non se dedica especificamente a tarefas TIC. Nas empresas de 10 e máis asalariados/as con sede ou actividade en Galicia é máis habitual que reciba formación o persoal especialista en TIC (49%). Ademais tamén son, maiormente, os provedores externos os encargados de levar a cabo as funcións TICs das empresas.

### G.56. Actividades formativas: desglose por tipo de persoal que recibiu a formación

(% sobre o total de empresas que proporcionaron actividades formativas)




Fonte: INE (2022)

### G.57. Funciones TIC: desglose por tipo de persoal que realizou as funcións

(% sobre o total de empresas que proporcionaron actividades formativas)




Fonte: INE (2022)

# II.III. Dixitalización da organización e xestión das empresas

## II.III.I. Servizos web

No 2022, un 79,5% das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as con sede e/ou actividade en Galicia teñen web propia fronte ao 77,9% da media estatal. No caso das microempresas galegas, a porcentaxe sitúase no 31%, en valores similares á media estatal (31,8%).

### G.58. Dispoñibilidade de Páxina Web

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

### G.59. Evolución do Indicador. Dispoñibilidade de Páxina Web: Galicia e España

(%sobre o total de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

### G.60. Evolución do Indicador. Dispoñibilidade de Páxina Web: Galicia e España

(%sobre o total de empresas de 0 a 9 traballadores/as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

## II.III.II. Teletraballo

Durante 2022 o teletraballo viuse reducido nas empresas galegas e nacionais. Mentres que no ano 2021 máis da metade (53,6%)das empresas de máis de 10 traballadores con actividade ou sede en Galicia permitían a realización de teletraballo, no último ano esta cifra reduciuse ata quedar nun porcentaxe de 39,2%, e no 30,6% para as que teñen sede en Galicia.

### G.61. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as




Fonte: INE (2022)

### G.62. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as: Galicia e España




Fonte: INE (2022)

### G.63. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as: Galicia e España




Fonte: INE (2022)

As empresas de máis de 10 traballadores con actividade ou sede en Galicia son as que presentan unha porcentaxe maior de empregados do plantel que teletraballan regularmente (23,4%).

### G.64. Empregados/as que teletraballan regularmente




Fonte: INE (2022)

### G.65. Empregados/as que teletraballan regularmente: Galicia e España




Fonte: INE (2022)

### G.66. Empregados/as que teletraballan regularmente: Galicia e España




Fonte: INE (2022)

### C.5. Número de días en término medio por semana no que os empregados/as teletraballan

| | De 0 a 9 traballadores/as | 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia | 10 ou máis traballadores/as con sede ou actividade en Galicia |
|---|---|---|---|
| Media de días por semana | 3,1 | 2,4 | 2,4 |

Fonte: INE (2022)

## II.III.III. Medios Sociais

O uso de medios sociais dixitais con fins empresariais estabilízase, cambiando a tendencia ascendente dos anos anteriores. Enténdese por medios sociais a suma das redes sociais, os blogs ou microblogos e plataformas para compartir contidos e interactuar e outras plataformas ou ferramentas para compartir contidos baseados en wiki.

O uso de medios sociais sitúase nun 36,5% nas empresas de 0 a9 traballadores e 61,2% nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia.

**G.67. Medios sociais**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

**G.68. Evolución do Indicador. Empresas que utilizaron medios sociais: Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

### G.69. Evolución do Indicador. Empresas que utilizaron medios sociais: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

Facebook, Linkedin, Twiter, Instagram, etc., son as redes sociais máis empregadas polas empresas galegas que acceden a medios sociais. Entre as  microempresas con presenza nas redes socias, utilízanse nun 94,2%, superando a media estatal (90%). Nas empresas de máis de 10 empregados, a utilización destas redes sociais sitúase por riba do 86%, o que as consolida como as redes sociais preferidas polas empresas galegas para relacionarse cos seus clientes.

### G.70. Redes sociais (Facebook, Linkedln, Twitter...)

(% sobre o total de empresas que usan medios sociais)




Fonte: INE (2022)

**G.71. Evolución do Indicador. Empresas que utilizaron Redes sociais (Facebook, Linkedln, Twitter...): Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as que usan medios sociais)




Fonte: INE (2022)

**G.72. Evolución do Indicador. Empresas que utilizaron Redes sociais (Facebook, Linkedln, Twitter...): Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as que usan medios sociais)




Fonte: INE (2022)

Os websites onde comparten contidos multimedia son outros medios sociais más empregados polas empresas galegas. No 2022 son empregados polo 57,9% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia, e por un 51,2% das microempresas de 0 a 9 empregados/as.

O uso de Blogs de empresas ou microblogs está máis estendido nas empresas de maior tamaño, especialmente entre as que teñen sede e/ou actividade en Galicia, mantendo a tendencia observada dende a edición anterior.

## G.73. Emprego doutros medios sociais

(%sobre o total de empresas con conexión a Internet que usan medios sociais)




Fonte: INE (2022)

## II.III.IV. Comercio electrónico

O 32,8% das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as con sede ou actividade en Galicia compraron a través de Internet, quedando 3 puntos porcentuais por debaixo da media estatal (35,8)

Entre as microempresas galegas, o 16,1% realizou compras por internet fronte ao 19,4% no ano 2021, o que supón unha leve baixada con respecto ao ano anterior.

**G.74. Compras por Internet no último ano**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

**G.75. Evolución do Indicador. Empresas que compraron a través de Internet no último ano: Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE (2022)

## G.76. Evolución do Indicador. Empresas que compraron a través de Internet no último ano: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2022)

No relativo á distribución xeográfica das compras por comercio electrónico, un 88,6% das compras das microempresas galegas son en España. Podemos destacar tamén o 26,8% das compras das empresas de 10 ou máis traballadores con sede en Galicia son na UE.

## G.77. Distribución de compras segundo a área xeográfica

(% sobre o total de compras mediante comercio electrónico)




Fonte: INE (2022)

## G.78. Datos sobre compras por comercio electrónico

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

## G.79. Datos sobre compras mediante comercio electrónico en función do total de compras




Fonte: INE (2022)

## C.6. Compras mediante comercio electrónico en miles de €

| | De 0 a 9 traballadores/as | 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia | 10 ou máis traballadores/as con sede ou actividade en Galicia |
|---|---|---|---|
| Compras mediante comercio electrónico | 1.398.519,8 | 10.506.578,4 | 119.943.515,5 |

Fonte: INE (2022)

## G.80. Compras mediante páxinas web




Fonte: INE (2022)

Un 31,1% das empresas de 10 ou máis traballadores con sede ou actividade en Galicia realizan compras mediante páxinas web ou app. Destas compras, o 68,9% proceden de territorio español e un 24,7% son compras a países da Unión Europea. No caso das microempresas, só un 15,6% das empresas realizan compras mediante páxinas web e ademais o 88,2% das mesmas teñen lugar en territorio español.

### G.81. Distribución de compras mediante páxina web segundo a área xeográfica




Fonte: INE (2022)

### G.82. Datos sobre compras mediante páxinas web ou apps




Fonte: INE (2022)

## G.83. Datos sobre compras mediante páxinas web ou apps en función do total de compras




Fonte: INE (2022)

Do total das compras das empresas de 0 a 9 traballadores, un 17,1% son compras realizadas mediante páxinas web ou apps. No total das compras das empresas de 10 ou máis traballadores con sede ou actividade en Galicia , as compras mediante páxinas web ou apps representan o 8,9%

## C.7. Compras mediante páxinas web ou apps en miles de €

| | | De 0 a 9 traballadores/as | 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia | 10 ou máis traballadores/as con sede ou actividade en Galicia |
|---|---|---|---|---|
| Compras mediante páxinas web ou apps | | 1.356.435,0 | 1.476.051,1 | 25.811.257,7 |

## G.84. Compras mediante mensaxes tipo EDI




Fonte: INE (2022)

Unicamente un 5,4% das empresas de 10 ou máis traballadores con sede ou actividade en Galicia fan compras mediante mensaxes tipo EDI. No respectivo á distribución xeográfica das compras, o 76,7% teñen lugar en territorio español, mentres que o 19% distribúese entre países membros da UE. Nesta mesma liña, a distribución máis repartida é a das compras das empresas de 10 ou máis traballadores con sede en Galicia.

### G.85. Distribución de compras mediante mensaxes tipo EDI segundo a área xeográfica

(% sobre o total de compras mediante mensaxe EDI)




Fonte: INE (2022)

### G.86. Datos sobre compras mediante mensaxes tipo EDI

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

## G.87. Datos sobre compras mediante mensaxes tipo EDI en función do total de compras

(% sobre o total de compras )




Fonte: INE (2022)

## C.8. Compras mediante mensaxes tipo EDI en miles de €

| | | De 0 a 9 traballadores/as | 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia | 10 ou máis traballadores/as con sede ou actividade en Galicia |
|---|---|---|---|---|
| Compras mediante mensaxes tipo EDI | | 42.084,8 | 9.030.527,4 | 94.132.257,8 |

Fonte: INE (2022)

Durante o ano 2022, as cifras de vendas mediante comercio electrónico mantéñense en porcentaxes moi similares ás do ano pasado. O cambio máis destacable é o aumento na porcentaxe de vendas das empresas de 0 a 9 traballadores de Galicia, que pasa dun 9,4% a un 12,8%.

## G.88. Vendas por Internet no último ano

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

### G.89. Evolución do Indicador Empresas que venderon a través de Internet no último ano. Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as)




Fonte: INE (2022)

### G.90. Evolución do Indicador. Empresas que venderon a través de Internet no último ano. Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as)




Fonte: INE (2022)

En canto á procedencia dos clientes das vendas por Internet, a maioría corresponde ao territorio español. Non obstante, cabe salientar que o 17,3% da vendas en liña das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede na nosa Comunidade producíronse a países da Unión Europea e o 13,5% a outros países que non pertencen a UE.

### G.91. Distribución de vendas segundo a área xeográfica

(% sobre o total de vendas de comercio electrónico realizadas)




Fonte: INE (2022)

1 de cada 4 compras das empresas de máis de 10 traballadores con sede ou actividade en Galicia son por comercio electrónico. Se medimos estas vendas sobre o total de vendas das empresas que venden por comercio electrónico xa falamos de case un 40% de vendas.

### G.92. Datos sobre vendas por comercio electrónico




Fonte: INE (2022)

### G.93. Datos sobre vendas mediante comercio electrónico en función do total de vendas

(% sobre o total de vendas)




Fonte: INE (2022)

### C.9. Vendas mediante comercio electrónico en miles de €

| | DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS | 10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS CON SEDE EN GALICIA | 10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS CON SEDE OU ACTIVIDADE EN GALICIA |
|---|---|---|---|
| Vendas mediante comercio electrónico | 1.693.931,6 | 16.007.151,7 | 114.426.984,4 |

Fonte: INE (2022)

### G.94. Vendas mediante páxinas web




Fonte: INE (2022)

## G.95. Distribución de vendas mediante páxinas web segundo a área xeográfica




Fonte: INE (2022)

## G.96. Empresas con vendas á UE por web ou apps que tiveron dificultades




Fonte: INE (2022)

### G.97. Tipos de dificultades nas vendas á UE

(% sobre o total de empresas que venden por comercio eletrónico mediante web ou apps á UE)




Fonte: INE (2022)

O 56,3% das vendas das empresas de 10 ou máis traballadores con sede ou actividade en Galicia corresponden a vendas mediante páxinas web. No caso das empresas con sede en Galicia esta porcentaxe mantense ao redor dun 23%.

### G.98. Porcentaxe das vendas mediante páxinas web ou apps

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

## G.99. Vendas mediante páxinas web ou apps en función do total de vendas

(% sobre o total de vendas)




Fonte: INE (2022)

## C.10.Vendas mediante páxinas web en miles de €

| | DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS | 10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS CON SEDE EN GALICIA | 10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS CON SEDE OU ACTIVIDADE EN GALICIA |
|---|---|---|---|
| Vendas mediante páxinas web | 7.089.089,2 | 18.932.990,6 | 228.017.555,1 |

Fonte: INE (2022)

## G.100. Empresas que recibiron pedidos e reservas

(% sobre o total de empresas que venden por comercio electrónico mediante webs ou apps)




Fonte: INE (2022)

Máis do 80% das empresas que venden mediante páxinas web fano a través das páxinas webs ou apps. No caso das vendas a través de marketplace ou plataformas dixitais esta porcentaxe non chega a alcanzar o 50%, sendo o caso das empresas de 0 a 9 empregados as que presentan unha maior presenza de pedidos a través de marketplace, nun 45%.

### G.101. Distribución de vendas mediante páxinas web segundo a natureza do comprador




Fonte: INE (2022)

### G.102. Vendas mediante mensaxes tipo EDI




Fonte: INE (2022)

### G.103. Distribución de vendas mediante mensaxes tipo EDI segundo a área xeográfica




Fonte: INE (2022)

## G.104. Proporción das vendas mediante mensaxes tipo EDI

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

## G.105. Porcentaxe de vendas mediante mensaxes tipo EDI

(% sobre o total de vendas)




Fonte: INE (2022)

## C. 11. Vendas mediante mensaxes tipo EDI

| | DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS | 10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS CON SEDE EN GALICIA | 10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS CON SEDE OU ACTIVIDADE EN GALICIA |
|---|---|---|---|
| Vendas mediante mensaxes tipo EDI | 117.813,1 | 13.522.625,1 | 71.759.184,4 |

Fonte: INE (2022)

## G.106. Distribución de vendas mediante mensaxes tipo EDI segundo a natureza do comprador




Fonte: INE (2022)

# II.IV. Tecnoloxías disruptivas

## II.IV.I. Intelixencia Artificial (IA)

En Galicia, o 14,8% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade nesta Comunidade empregan IA, valor que supera amplamente a media española, mentres as empresas con sede en Galicia reducen a distancia a menos dun punto. Nas de menos de 10 empregados/as, o uso está por debaixo do 5%, igual que para o resto de España.

### G.107. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA)

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

### G.108. Empresas que empregan IA: Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE (2022)

### G.109. Empresas que empregan IA: Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2022)

As solucións de IA máis empregadas polas empresas con 10 ou máis traballadores/as seguen sendo as de automatización de fluxos de traballo, ou axuda na toma de decisións mentres que entre as microempresas que utilizan IA, a solución máis demandada é conversión de linguaxe falada en formato lexible para a máquina, que ocupa o segundo lugar para as empresas de 10 ou máis traballadores. Nas microempresas, a segunda solución de IA máis utilizada é a que realiza análise da linguaxe escrita.

**G.110. Solucións de IA nas empresas**

(% sobre o total de empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia artificial)




Fonte: INE (2022)

## II.IV.II. Big Data

No ano 2022, a evolución das empresas que analizaron Big Data segue a ser positiva. Respecto ao ano anterior, tanto as empresas de máis de 10 traballadores/as como nas microempresas incrementouse a análise de Big Data, co que as microempresas igualan a media española (3,7%) e as empresas de 10 ou máis empregados seguen a superala.

### G.111. Empresas que analizaron Big Data

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

### G.112. Evolución do Indicador. Empresas que analizaron Big Data no último ano. Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as)




Fonte: INE (2022)

### G.113. Evolución do Indicador. Empresas que analizaron Big Data no último ano. Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as)




Fonte: INE (2022)

Na seguinte gráfica pódense observar as diferentes tipoloxías de Big Data presentes nas empresas. Entre as microempresas destaca o uso de datos xerados por redes sociais (63,9%) e os datos por xeolocalización a partir de dispositivos portátiles (56,9%).

Entre as grandes empresas, as tipoloxías máis utilizadas son os datos de xeolocalización a partir de dispositivos portátiles (61,2% nas empresas de 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia).

### G.114. Tipoloxía de Big Data analizada polas empresas por fonte.




Fonte: INE (2022)

## II.IV.III. Robots

O emprego de robots por parte das empresas galegas ten valores próximos ao 8%, dato similar á situación das empresas de ámbito español. Os robots industriais son os máis empregados nas grandes empresas, mentres que o uso de robots de servizo nas microempresas galegas é dun 35%. O principal motivo das grandes empresas para o emprego de robots sería asegurar a calidade estandarizada de procesos ou bens/servizos producidos. Nas microempresas españolas destaca cun 53,5% a mellora da seguridade no traballo

### G.115. Empresas que empregan algún tipo de robot: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 o máis empregados/as)




Fonte: INE (2022)

### G.116. Empresas que empregan algún tipo de robot: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2022)

### G.117. Empresas por tipos de robot empregados: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as que utilizan robots)




Fonte: INE (2022)

## G.118. Empresas por tipos de robot empregados: Galicia e España




Fonte: INE (2022)

## G.119. Motivos das empresas para empregar robots: Galicia e España




Fonte: INE (2022)

## G.120. Motivos das empresas para empregar robots: Galicia e España




Fonte: INE (2022)

# II.V. Ciberseguridade

O uso das medidas de ciberseguridade están máis estendidas nas grandes empresas que entre as microempresas galegas. No 2022 rexístrase unha baixada no emprego de medidas TIC, tanto nas micro como nas grandes empresas. Se en 2020 a porcentaxe nas microempresas alcanzaba o seu pico máis alto (67,5%), en 2022 esta cifra descende a 52%.

**G.121 Empresas con Medidas de Seguridade TIC**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

*Nota: o indicador, antes referíase a sistemas internos de seguridade*

**G.122 Evolución do Indicador Empresas con medidas de seguridade TIC: Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

Nota: En edicións anteriores o indicador referíase a sistemas internos de seguridade.

### G.123 Evolución do Indicador. Empresas con medidas de seguridade TIC: Galicia e España




Fonte: INE (2022)

*Nota: o indicador, antes referíase a sistemas internos de seguridade.*

As medidas de seguridade TIC empregadas con maior frecuencia polas empresas galegas, tanto as grandes como as pequenas, son a copia de seguridade de datos nunha localización separada e unha autenticación mediante contrasinal forte e o control de acceso á rede.

### G.124 Tipoloxía de Medidas de Seguridade




Fonte: INE (2022)

Un 17,3% das empresas de máis de 10 traballadores con sede ou actividade en Galicia tivo algún incidente de seguridade TIC. O incidente máis repetido nestas empresas son a falta de dispoñibilidade dos servizos TIC por fallos no software e hardware; en menor medida destacan os incidentes debidos a ataques exteriores. No caso das microempresas, destaca tamén a destrución ou corrupción de datos por fallos de hardware ou software.

### G.125 Empresas con algún incidente de seguridade TIC

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

### G.126. Empresas por tipo de incidente de seguridade TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as que sufriron algún incidente de seguridade TIC)




Fonte: INE (2022)

### G.127. Empresas por tipo de incidente de seguridade TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as que sufriron algún incidente de seguridade TIC)




Fonte: INE (2022)

A seguridade TIC é desempañada na maioría dos casos por proveedores externos ás empresas. No caso das microempresas, a situación amosa máis equilibrio, sendo un 19,2% as empresas que xestionan internamente a seguridade TIC e un 28,9% as que xestionan con proveedores externos a seguridade.

### G.128. Xestión da seguridade TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

### G.129 Xestión da seguridade TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

### G.130. Empresas con seguro fronte incidencias de seguridade TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

### G.131 Empresas con seguro fronte incidencias de seguridade TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

## G.132. Empresas por tipo de formación en seguridade TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

## G.133. Empresas por tipo de formación en seguridade TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

## G.134. Empresas con documentación sobre seguridade TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

## G.135. Empresas con documentación sobre seguridade TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

## G.136. Revisión da documentación sobre seguridade TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con documentación sobre seguridade TIC)




Fonte: INE (2022)

## G.137. Revisión da documentación sobre seguridade TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con documentación sobre seguridade TIC)




Fonte: INE (2022)

## G.138. Empresas con algún protocolo de seguridade TIC para o acceso remoto: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as que facilitan acceso remoto aos empregados/as)




Fonte: INE (2022)

## G.139. Empresas con algún protocolo de seguridade TIC para o acceso remoto: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as que facilitan acceso remoto aos empregados/as)




Fonte: INE (2022)

# II.VI. Gasto en TIC

Durante o ano 2021, o gasto total en materia de TIC das empresas galegas decreceu con respecto ao ano anterior.




A distribución dos gastos en TIC amosan diferenzas entre as microempresas e as empresas de 10 e máis empregados/as. Así, as microempresas destinan o seu maior orzamento TIC ao gasto en software estándar ou a medida, pero case o mesmo que en bens ou en servizos TIC. Mentres tanto, o gasto principal das empresas de 10 ou máis empregados/as é o gasto en servizos e consultas TIC, case o mesmo gasto que en software.

**G.140. Gasto en TIC das empresas durante o ano 2021**

(Miles de euros sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

No 2021, o gasto en bens TIC diminuíu nas microempresas galegas, a cifra baixou en máis de 60 millóns de euros no último ano.

**G.141. Evolución do gasto en bens TIC das empresas durante o ano 2021:**




Fonte: INE (2022)

O gasto en Software, estándar ou a medida incrementouse nas microempresas galegas en case sete millóns de euros no último ano. Nas grandes, pola contra, reduciuse nun 7,5%.

**G.142. Evolución do gasto en TIC das empresas: Gasto Total en Software estándar ou a medida**




Fonte: INE (2022)

No ano 2021 diminúe o gasto en servizos e consultas TIC nas empresas de 10 ou máis traballadores/as. No caso das microempresas galegas este gasto aumentou case 6 millóns de euros.

**G.143. Evolución do gasto en TIC das empresas: Gasto Total en Servizos en consultas TIC**




Fonte: INE (2022)

# II.VII. Reciclaxe

A medida de reciclaxe máis común entre as empresas é a diminución do uso de papel, presente no 66,9% das empresas de máis de 10 traballadores con sede en Galicia. No caso das microempresas a porcentaxe sitúase nun 44,1%.

### G.144. Empresas que empregan medidas de reciclaxe: Galicia e España




Fonte: INE (2022)

### G.145. Empresas que empregan medidas de reciclaxe: Galicia e España




Fonte: INE (2022)

### G.146. Reciclaxe das equipas TIC: Galicia e España




Fonte: INE (2022)

### G.147. Reciclaxe das equipas TIC: Galicia e España




Fonte: INE (2022)



# III. ANÁLISE SECTORIAL

As empresas con actividades encadradas no sector servizos destacan polo maior uso das redes sociais.
As grandes empresas do sector servizos lideran tamén o uso da Intelixencia Artificial e o Big Data.
As empresas de 10 ou máis empregados do sector servizos, que venden a través de internet, superan xa o 32,5%.
No sector da Construción e no dos Servizos, as empresas de 10 ou máis empregados, aplicaron en máis do 37% das empresas medidas para o aforro enerxético dos equipamentos TIC.

# III. Análise Sectorial

Este capítulo céntrase na análise dos indicadores expostos dende a perspectiva do sector de actividade das empresas.

## III.I Equipamento e Conectividade

### III.I.I. Uso de Ordenadores

A dispoñibilidade de ordenadores está xeneralizada entre as empresas galegas de 10 ou máis empregados/as, é case total. As microempresas superan o 83,5% en todos os sectores.

**G.148. Empresas que dispoñen de ordenadores segundo a actividade**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

# III.I.II. Conectividade

A contratación da Internet, nas microempresas oscila entre o 79,6% das micorempresas do sector Servizos e o 85,1% da Industria. No caso das grandes empresas, a contratación de Internet acada a práctica totalidade deste segmento empresarial.

### G.149 Empresas que dispoñen de conexión a Internet segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

En canto á velocidade contratada, independentemente do tamaño das empresas, as pertencentes ao sector Servizos son as que, en maior medida, dispoñen dunha velocidade de conexión a Internet superior a 100 Mb/seg. No caso das microempresas, o 61,5% supera os 100 Mb/seg. e nas grandes empresas o indicador sitúase no 73,4% para as que teñen sede en Galicia e no 77,3% para as que teñen sede e/ou actividade en Galicia.

### G.150. Velocidade de conexión contratada segundo a actividade

(% sobre o total de empresas con conexión a internet)




Fonte: INE (2022)

## III.I.III. Software libre

O uso de software aberto ou libre está un pouco máis estendido nas empresas do sector da construción, sobre todo naquelas con máis de dez empregados/as. Aínda así, podemos ver que no resto dos sectores a presenza de software libre non é menor, sendo o caso con menos porcentaxe o do sector industrial cunha presenza de software aberto nun 81,2% das empresas de dez ou máis empregados con sede en Galicia.

### G.151. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software aberto segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

## III.I.IV. Acceso remoto

As grandes empresas con sede ou actividade en Galicia do sector servizos son as que máis reunións con sistema remoto fan, cunha porcentaxe de 65,8%. En xeral, este sector destaca sobre o resto. No caso das microempresas, mentres que un 27,7% levan a cabo reunións remotas no sector servizos, para a industria e a construción son anecdóticas, un 8,4% e 1,2% respectivamente.

### G.152. Empresas que levan a cabo reunións remotas a través de Internet segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

# III.II. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC nas empresas

Cabe salientar que as empresas de 10 ou máis traballadores/as do sector Servizos e Industrial son as que máis empregan especialistas TIC.

### G.153. Empresas que empregan especialistas TIC segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

As empresas do sector Servizos son as que proporcionan, en maior medida, actividades formativas aos seus empregados/as.

### G.154. Actividades formativas TIC aos seus empregados/as segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

A análise detallada segundo a CNAE para as empresas de 10 ou máis empregados/as mostra que a actividade empresarial onde se desenvolveron accións formativas en maior medida, foi a relacionada coa Información e Comunicación (43,5%).

## G.155. Actividades formativas TIC aos seus empregados/as segundo CNAE




Fonte: INE (2022)
Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

# III.III. Dixitalización da organización e xestión das empresas

## III.III.I. Servizos web

A dispoñibilidade de páxina web é bastante parella ao comparar os distintos sectores de actividade nas empresas de 10 ou máis empregados/as, e só a construción queda, por pouco, por debaixo do 70%. Nas microempresas o indicador varía considerablemente, superando o 34% no sector servizos.

**G.156. Dispoñibilidade de Páxina Web segundo a actividade**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

Nas empresas galegas de 10 ou máis empregados/as hai por subsectores, valores moi dispares de dispoñibilidade de páxina web, oscilando dende valores superiores ao 90% a outros por debaixo do 10%.

**G.157. Dispoñibilidade de Páxina Web segundo o CNAE**

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as e conexión a Internet)




Fonte: INE (2022) Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

# III.III.II. Teletraballo

A maior presenza de teletraballo durante 2022 mantense en maior medida nas grandes empresas do sector servizos con sede ou actividade en Galicia (47,6%) e non chega ao 20% en ningún dos sectores entre as empresas de menos de dez traballadores/as.

## G.158. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as segundo actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

Entre as grandes empresas destacan as de Actividades inmobiliarias, sector TIC e Información e comunicación, onte máis do 70% permiten o teletraballo.

## G.159. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as segundo o CNAE.

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as)




Fonte: INE (2022) Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

## III.III.III. Medios Sociais

O uso de medios sociais segundo o tamaño e a actividade da empresa mantén unha situación similar o ano pasado durante 2022. Tanto nas microempresas como nas empresas de 10 ou máis empregados/as, hai unha maior penetración do uso das redes no sector Servizos: o 41,7% das microempresas con conexión a Internet e o 72% das empresas de 10 ou máis empregados/as do sector Servizos utilizan redes sociais.

### G.160. Uso dos medios sociais segundo a actividade




Fonte: INE (2022)

O uso das medios sociais presenta grandes oscilacións en función do subsector de actividade, dende valores superiores ao 90% en aloxamento, información e comunicación ou contidos dixitais a outros que non chegan ao 50%.

### G.161. Uso dos medios sociais segundo o CNAE




Fonte: INE (2022). Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística

## III.III.IV. Comercio electrónico

As empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as que desenvolven a súa actividade no sector Servizos son as que máis compras efectuaron durante o último ano a través de comercio electrónico (37,1%).

No caso das microempresas galegas, as dedicadas ao sector Servizos e á Industria son as que máis compras a través de Internet realizaron no último ano (17% e 15,2% respectivamente), situándose moi por riba da porcentaxe de empresas da Construción (13,3%).

### G.162. Empresas que compraron a través de Internet no último ano segundo a actividade.

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

Practicamente unha de cada tres empresas de 10 ou máis empregados/as do sector Servizos realizou vendas a través de Internet. No caso das microempresas, destacan tamén as empresas do sector Servizos (14,8%), neste caso seguidas de cerca pola industria (14%).

### G.163. Empresas que venderon a través de Internet no último ano segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

# III.IV. Tecnoloxías disruptivas

## III.IV.I. Intelixencia Artificial (IA)

No uso da intelixencia artificial (IA) destacan as empresas galegas de máis de 10 empregados/as do sector Servizos como aquelas que máis empregaron este tipo de solucións no último ano, sector que tamén lidera o uso desta tecnoloxía entre as miroempresas.

### G.164. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA) segundo a Actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

# III. IV.II. Big Data

A análise de Big Data está cada vez máis presente nas empresas galegas, cabe salientar novamente a súa maior implantación entre as empresas de 10 ou máis empregados/as do sector Servizos (18,7%) líderes entre as grandes empresas, e únicos usuarios entre as microempresas.

**G.165. Empresas que analizaron Big Data segundo a actividade**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

## III.IV.III. Robots

O sector industria é o que máis destaca con presenza de empresas que empregan algún tipo de robótica, sendo un 18,3% das grandes empresas con sede e actividade as que afirman empregar algún tipo de robot. Pola contra, nas microempresas é a construción o sector onde está máis presente a robótica (3%).

**G.166. Empresas que empregan algún tipo de robot segundo a actividade**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

# III.V. Ciberseguridade

As empresas de 10 ou máis traballadores/as do sector Servizos son as que empregaron máis medidas de seguridade relacionadas coas TIC durante o último ano. O mesmo sucede no caso das microempresas, pois son as do sector Servizos as que máis medidas de seguridade empregaron no 2021.

### G.167. Empresas con medidas de seguridade TIC segundo a actividade

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

# III.VI. Reciclaxe

O sector servizos máis o sector da construción son aqueles onde vemos máis medidas de reciclaxe para diminuír o uso de papel. En canto á redución do consumo enerxético, tamén é o sector servizos o que emprega en maior medida medidas de reciclaxe para os servizos TICs.

### G.168. Empresas que empregan medidas para diminuír o uso de papel segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

### G.169. Empresas que empregan medidas para diminuír o consumo enerxético de equipos TIC segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)



# IV.ANÁLISE POR PROVINCIAS

As empresas da provincia de Ourense destacan polo uso da Intelixencia Artificial.
Tendo en conta que Ourense no ano 2021 tiña unha cifra de 4,5%, actualmente aumentou un 77,7%

# IV. Análise por provincias

Este capítulo céntrase na análise dos indicadores de uso das tecnoloxías da información e as comunicacións nas empresas galegas dende a perspectiva provincial.

## IV.I Equipamento e Conectividade

### IV.I.I. Uso de Ordenadores

Entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as e tamén entre as microempresas as diferenzas na dispoñibilidade de ordenadores segundo a provincia son mínimas.

**G.170. Empresas que dispoñen de ordenadores segundo a provincia**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

**G.171. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software de código aberto segundo a provincia**




Fonte: INE (2022)

# IV.I.II. Conectividade

A práctica totalidade das grandes empresas de Galicia teñen contratado Internet. Con respecto ás microempresas, o 83,4% das que teñen sede en Pontevedra dispoñen de conexión a Internet en 2022. Pola contra, as microempresas con sede en Ourense son as que rexistran a menor porcentaxe de contratación de Internet (70,2%).

**G.172. Empresas que dispoñen de conexión a internet segundo a provincia**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

## IV.I.III. Acceso remoto

A Coruña e Pontevedra aparecen como as provincias onde hai maior proporción de empresas que levan a cabo reunións remotas a través de Internet. No caso das microempresas, A Coruña é a provincia con maior porcentaxe (22,3%), mentres que Lugo sería a provincia onde é menos frecuente levar a cabo este tipo de reunións (16%).

### G.173. Empresas que levan a cabo reunións remotas a través de Internet segundo a provincia.

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

# IV.II. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC nas empresas

No 2022, a contratación de especialistas TIC segundo a localización da empresa rexistra lixeiras diferenzas. Entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as, a porcentaxe máis elevada rexístrase na provincia da Coruña (16,8%), mentres que entre a contratación de especialistas TIC nas microempresas destaca a provincia de Pontevedra, aínda que as porcentaxes non conseguen ser moi significativas.

### G.174. Empresas que empregan especialistas TIC segundo a provincia

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

Con respecto ás actividades formativas, obsérvase que nas provincias da Coruña e Pontevedra é onde maior porcentaxe de empresas de 10 ou máis asalariados/as proporcionaron actividades formativas TIC (máis do 23%). Na provincia de Lugo rexístrase a maior porcentaxe de microempresas que realizaron algún tipo de acción formativa ao seu persoal relacionada coas TIC (2,5%).

### G.175. Actividades formativas TIC aos seus empregados segundo a provincia

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

# IV.III. Dixitalización da organización e xestión das empresas

## IV.III.I. Servizos web

A dispoñibilidade de páxina web por ámbito xeográfico presenta disparidades segundo o número de empregados/as. Entre as empresas de 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia, destacan as que están afincadas na provincia de Pontevedra cun 77,6% e todas as provincias superan o 69%. No caso das microempresas, sobresaen as que teñen sede en A Coruña (40,2%), mentres o resto non chegan nin ao 26%.

**G.176. Dispoñibilidade de Páxina Web segundo a provincia**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

# IV.III.II. Teletraballo

Nas empresas de 10 ou máis traballadores/as o teletraballo está máis estendido entre as empresas das provincias da Coruña e Pontevedra (31,8% e 31,9%). Nas empresas coruñesas de 0 a 9 empregados/as, un 17,4% seguen permitindo ós seus traballadores a opción de teletraballar e no resto de provincias non se chega nin ao 13,5%.

**G.177. Empresas que permiten o teletraballo segundo a provincia**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

# IV.III.III. Redes Sociais

O uso de redes sociais con fins empresariais está moito máis estendido nas empresas de 10 ou máis traballadores/as de todas as provincias, superando o 61%, excepto en Lugo (53%). No caso das microempresas o dato máis positivo é o da provincia de Pontevedra (38,5%), e todas superan o 32%.

**G.178. Uso das Redes Sociais segundo a provincia**

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2022)

# IV.III.IV. Comercio electrónico

En canto ás compras a través de comercio electrónico destacan as empresas de Pontevedra, tanto nas microempresas (20,4%) como nas empresas de 10 ou máis traballadores/as (33%).

**G.179. Empresas que compraron a través de Internet no último ano segundo a provincia**




Fonte: INE (2022)

As vendas realizadas a través de internet polas empresas galegas presentan diferenzas significativas por ámbito xeográfico e por tamaño. Nas empresas de 10 ou máis empregados/as cabe salientar que o 36,4% das empresas de **Lugo** venderon a través de Internet, e nas microempresas, destaca o 15,6% das que teñen a súa sede en Pontevedra.

**G.180. Empresas que venderon a través de Internet no último ano segundo a provincia**




Fonte: INE (2022)

# IV.IV. Tecnoloxías disruptivas

## IV.IV.I. Intelixencia Artificial (IA)

No relativo ao uso da intelixencia artificial (IA) destacan as empresas da provincia de Ourense por seren as que máis empregan esta tecnoloxía independentemente do seu tamaño.

### G.181. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA) segundo provincia

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

# IV.IV.II. Big Data

O uso de Big Data nas empresas de 10 ou máis traballadores/as e as microempresas ubicadas na provincia da Coruña é superior ao resto de provincias, co 12,3% nas grandes empresas e o 5,3% nas microempresas.

**G.182. Empresas que analizaron Big Data segundo a provincia**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

## IV.IV.III. Robots

O 12,7% das grandes empresas de Ourense declara que utiliza robots, mentres entre as microempresas o valor máis alto atópase en Pontevedra, co 3,1%.

### G.183. Empresas que empregaron algún tipo de robot segundo a provincia

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

# IV.V. Ciberseguridade

No último ano, preto do 90% das empresas de 10 ou máis asalariados/as empregaron algunha medida de seguridade TIC en todas as provincias.

Neste mesmo período, o 56,2% das microempresas galegas situadas en A Coruña empregaron algún tipo de medidas de seguridade TIC fronte ao 47,2% que rexistran as microempresas con sede en Pontevedra.

**G.184. Empresas con medidas de seguridade TIC segundo a provincia**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

# IV.VI. Reciclaxe

As medidas para reducir o uso de papel son maioritarias nas grandes empresas de todas as provincias, destacando a de Pontevedra, co 73,4%. Entre as microempresas tamén é líder Pontevedra, única que supera o 50%. Lidera tamén ás empresas con medidas para diminuír o consumo enerxético dos equipos TIC entre microempresas pero é superada por Ourense entre as grandes.

### G.185. Empresas que empregan medidas para diminuír o uso de papel segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)

### G.186. Empresas que empregan medidas para diminuír o consumo enerxético de equipos TIC segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2022)



designed by freepik.com

# V. CONCLUSIÓNS

# V. Conclusións

## Caracterización do sector empresarial

- No ano 2022, a cifra de empresas activas en Galicia foi de 196.530. As microempresas (de 0 a 9 empregados/as) representan o 96,4% da totalidade.
- A provincia na que ten sede unha maior porcentaxe de empresas galegas é A Coruña (41,3%), seguida da de Pontevedra (35,1%).
- A gran maioría de empresas sitúase no sector Servizos, onde se encadra case o 80% das empresas galegas.
- O 58,6% das empresas galegas dispoñen da condición xurídica de "persoa física".

## Equipamentos

- No 2022 os ordenadores de usuario xa están presentes no 84,6% das microempresas galegas, crecendo a súa presenza nun 2,3% no último ano.
- Crece nun ano nun 47,7% a porcentaxe de traballadores de microempresas con acceso a dispositivos dixitais con conexión a internet, acada un 65% cunha vantaxe de 12 puntos porcentuais sobre a media estatal (53%).
- A dixitalización chega a case todo o plantel das empresas; o 76,1% do persoal das microempresas galegas emprega ordenadores con fins empresariais e nas empresas de dez ou máis empregados xa é o 68,1%.

## Contratación de Internet

- O 97,6% das grandes empresas galegas teñen contratado Internet. Entre as microempresas galegas acada o 80,3%.
- As microempresas que dispoñen de velocidade de máis de 100 Mbps chegan xa a 57,7% no último ano.
- Sube en 4 puntos porcentuais a dispoñibilidade de conexións de velocidade superior a 100mbps ate alcanzar un 71% das empresas de 10 ou máis traballadores/as.
- A metade grandes empresas levan a cabo reunións remotas a través de Internet xa que máis da metade destas (54,4%) favorécenas sobre as viaxes de traballo. Pola contra, só o 20,9% das pequen empresas realizan reunións en remoto.

### Dixitalización da organización empresarial

- O 31% das microempresas ten páxina web, subindo case 3 case puntos porcentuais no último ano.
- A porcentaxe de empresas galegas de 10 ou máis asalariados/as que posúen páxina web é do 79,5%.
- O 36,5% das microempresas galegas ten presenza nas redes sociais, e sobe ata o 65,9% **no caso das empresas de 10 ou máis empregados con sede ou actividade en Galicia**, cunha evolución estable.
- O 12,8% das microempresas galegas vende a través da Rede, cifra similar á media estatal (13%). As empresas de 10 ou máis empregados/as con actividade en Galicia que venden na rede son o 24,2%, exactamente a mesma cifra que en 2021.

### Talento Dixital e Teletraballo

- Aumenta a porcentaxe de empresas con especialistas TIC que emprega mulleres especialistas TIC. Acadan o 55,4% das grandes empresas galegas cun crecemento relativo do 5,9%.
- Nas microempresas con persoal tic, a contratación de mulleres especialistas TIC acada 47%, rexistrando un incremento do 12,7% e máis do 100% en dous anos.
- O 20,1% das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as, contan con persoal de perfil TIC, superando a media estatal (17%).
- O 39,2% das empresas de 10 ou máis traballadores/as emprega o teletraballo en 2022. Esta porcentaxe sitúase no 14,6% no caso das microempresas galegas. Este indicador ven baixando dende que se superaron as restricións de mobilidade.

### Tecnoloxías disruptivas

- O 14,8% das empresas de 10 ou máis empregados/as usan Intelixencia Artificial, superando claramente a media estatal (11,8%)
- No 2022, o 4,6% das microempresas galegas utilizan Intelixencia artificial, exactamente igual que a media estatal
- O 11,4% das grandes empresas con sede en Galicia utilizan análise de Big Data, 2,1 puntos máis que en 2021.

### Ciberseguridade

- O 52% das microempresas utiliza algún tipo de sistema de seguridade e, nas grandes empresas, supera o 88%.

## Gasto en TIC

- Así, as microempresas destinan o seu maior orzamento TIC ao gasto en software estándar ou a medida, mentres o gasto principal das empresas de 10 ou máis empregados/as é o gasto en servizos e consultas TIC.

## Robots

- O emprego de robots por parte das empresas galegas ten valores próximos ao 8%, dato similar á situación das empresas de ámbito español.

- Das empresas que empregan robots, os industriais son máis utilizadas que os de servizos. Pouco máis do 30% das empresas (grandes ou pequenas) usan robots de servizos pero os industriais son usados por máis do 86% das grandes e o 65% das de menos de 10 empregados/as.

## Reciclaxe

- O 66,9% das empresas de máis de 10 traballadores que teñen sede en Galicia aplicou medidas para redución de uso de papel en 2022.

- Máis da terceira parte das grandes empresas aplicaron medidas en 2022 para reducir o consumo de enerxía do seu equipamento TIC.

# INDICE DE TÁBOAS E GRÁFICOS

## Índice de gráficas

G.1. Estrato de Asalariados/as ....10
G.2. Actividade principal da empresa .... 11
G.3. Condición Xurídica ....12
G.4. Empresas que dispoñen de ordenadores ....15
G.5. Evolución do Indicador. Empresas que teñen ordenadores: Galicia e España ....15
G.6. Evolución do Indicador. Empresas que teñen ordenadores: Galicia e España ....16
G.7. Persoal que emprega ordenadores con fines empresariais ....16
G.8. Persoal ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a internet para uso empresarial ....17
G.9. Evolución do Indicador. Persoal ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a Internet para uso empresarial: Galicia e España....17
G.10. Evolución do Indicador. Persoal ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a Internet para uso empresarial: Galicia e España....18
G.11. Acceso a Internet contratado....19
G.12. Evolución do Indicador. Empresas que teñen acceso a Internet contratado: Galicia e España ....19
G.13. Evolución do Indicador. Empresas que teñen acceso a Internet contratado: Galicia e España .... 20
G.14. Persoal que emprega ordenadores conectados a Internet con fines empresariais .... 20
G.15. Tipo de conexión a Internet – Banda Larga Fixa ....21
G.16. Evolución do tipo de conexión a Internet a través de banda larga fixa: Evolución. Empresas de 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia. ....22
G.17. Evolución do tipo de conexión a Internet a través de banda larga fixa: Evolución. Empresas de 0 a 9 empregados/as. ....22
G.18. Velocidade Contratada ....23
G.19. Velocidade contratada:. Evolución. Empresas de 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia. .... 24
G.20. Velocidade Contratada: Evolución. Empresas de 0 a 9 empregados/as..... 24
G.21. Empresas con acceso a Internet por banda larga móbil 3G ou superior.... 24
G.22. Empresas con acceso a Internet por banda larga móbil 3G ou superior. Empresas de 10 ou máis empregados/as: Galicia e España....25

G.23. Empresas con acceso a Internet por banda larga móbil 3G ou superior. Empresas de 0 a 9 empregados/as: Galicia e España ....25
G.24. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software aberto .... 26
G.25. Empresas que levan a cabo reunións remotas a través de Internet: Galicia e España ....27
G.26. Empresas que levan a cabo reunións remotas a través de Internet: Galicia e España ....27
G.27. Empresas que teñen algún tipo de pauta de seguridade e que favorecen reunións remotas .... 28
G.28. Empresas que teñen algún tipo de pauta de seguridade e que favorecen reunións remotas:Galicia e España .... 28
G.29. Empresas que teñen persoal con acceso remoto: Galicia e España .... 29
G.30. Empresas que teñen persoal con acceso remoto: Galicia e España .... 29
G.31. Empresas por tipo de acceso remoto do persoal: Galicia e España .... 29
G.32. Empresas por tipo de acceso remoto do persoal: Galicia e España.... 30
G.33. Porcentaxe de empregados con acceso remoto: Galicia e España.... 30
G.34. Empregados con acceso remoto: Galicia e España.... 30
G.35. Empresas que empregan especialistas TIC ....31
G.36. Evolución do indicador. Empresas que empregan especialistas TIC: Galicia e España ....31
G.37. Evolución do indicador. Empresas que empregan especialistas TIC: Galicia e España ....31
G.38. Empresas que empregan especialistas TIC (tipoloxía)....32
G.39. Empresas con mulleres especialistas TIC....33
G.40. Evolución do indicador. Empresas con mulleres especialistas TIC: Galicia e España ....33
G.41. Evolución do indicador. Empresas con mulleres especialistas TIC: Galicia e España ....33
G.42. Persoal especialista TIC .... 34
G.43. Mulleres especialistas TIC .... 34
G.44. Persoal especialista TIC (tipoloxía).... 34
G.45. Mulleres especialistas TIC (tipoloxía)....35
G.46. Empresas que contrataron ou tentaron contratar especialistas en TIC ....35
G.47. Evolución do indicador. Empresas que contrataron ou tentaron contratar especialistas en TIC: Galicia e España.... 36
G.48. Evolución do indicador. Empresas que contrataron ou tentaron contratar especialistas en TIC: Galicia e España.... 36

**G.49. Empresas que tiveron dificultade para cubrir algunha vacante de especialista en TIC ........ 36**

**G.50. Evolución do indicador. Empresas que tiveron dificultade para cubrir algunha vacante de especialista en TIC: Galicia e España ........37**

**G.51. Evolución do indicador. Empresas que tiveron dificultade para cubrir algunha vacante de especialista en TIC: Galicia e España ........37**

**G.52. Dificultades para cubrir algunha vacante de especialista en TIC ........ 38**

**G.53. Actividades formativas TIC aos seus empregados /as ........ 39**

**G.54. Evolución do Indicador. Empresas que proporcionaron actividades formativas TIC aos seus empregados /as. Comparación Galicia e España ........ 39**

**G.55. Evolución do Indicador. Empresas que proporcionaron actividades formativas TIC aos seus empregados /as: Galicia e España........ 39**

**G.56. Actividades formativas: desglose por tipo de persoal que recibiu a formación..40**

**G.57. Funciones TIC: desglose por tipo de persoal que realizou as funcións........40**

**G.58. Dispoñibilidade de Páxina Web ........41**

**G.59. Evolución do Indicador. Dispoñibilidade de Páxina Web: Galicia e España........41**

**G.60. Evolución do Indicador. Dispoñibilidade de Páxina Web: Galicia e España ........41**

**G.61. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as ........ 42**

**G.62. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as: Galicia e España........ 42**

**G.63. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as: Galicia e España........ 42**

**G.64. Empregados/as que teletraballan regularmente ........ 43**

**G.65. Empregados/as que teletraballan regularmente: Galicia e España........ 43**

**G.66. Empregados/as que teletraballan regularmente: Galicia e España........ 43**

**G.67. Medios sociais........44**

**G.68. Evolución do Indicador. Empresas que utilizaron medios sociais: Galicia e España ........44**

**G.69. Evolución do Indicador. Empresas que utilizaron medios sociais: Galicia e España ........ 45**

**G.70. Redes sociais (Facebook, Linkedln, Twitter...)........ 45**

**G.71. Evolución do Indicador. Empresas que utilizaron Redes sociais (Facebook, Linkedln, Twitter...): Galicia e España........46**

**G.72. Evolución do Indicador. Empresas que utilizaron Redes sociais (Facebook, Linkedln, Twitter...): Galicia e España........46**

**G.73. Emprego doutros medios sociais........ 47**

**G.74. Compras por Internet no último ano ... 48**
**G.75. Evolución do Indicador. Empresas que compraron a través de Internet no último ano: Galicia e España ... 48**
**G.76. Evolución do Indicador. Empresas que compraron a través de Internet no último ano: Galicia e España ... 49**
**G.77. Distribución de compras segundo a área xeográfica ... 49**
**G.78. Datos sobre compras por comercio electrónico ... 49**
**G.79. Datos sobre compras mediante comercio electrónico en función do total de compras ... 50**
**G.80. Compras mediante páxinas web ... 50**
**G.81. Distribución de compras mediante páxina web segundo a área xeográfica ... 51**
**G.82. Datos sobre compras mediante páxinas web ou apps ... 51**
**G.83. Datos sobre compras mediante páxinas web ou apps en función do total de compras ... 52**
**G.84. Compras mediante mensaxes tipo EDI ... 52**
**G.85. Distribución de compras mediante mensaxes tipo EDI segundo a área xeográfica ... 53**
**G.86. Datos sobre compras mediante mensaxes tipo EDI ... 53**
**G.87. Datos sobre compras mediante mensaxes tipo EDI en función do total de compras ... 54**
**G.88. Vendas por Internet no último ano ... 54**
**G.89. Evolución do Indicador Empresas que venderon a través de Internet no último ano. Comparación Galicia e España ... 55**
**G.90. Evolución do Indicador. Empresas que venderon a través de Internet no último ano. Comparación Galicia e España ... 55**
**G.91. Distribución de vendas segundo a área xeográfica ... 55**
**G.92. Datos sobre vendas por comercio electrónico ... 56**
**G.93. Datos sobre vendas mediante comercio electrónico en función do total de vendas ... 56**
**G.94. Vendas mediante páxinas web ... 56**
**G.95. Distribución de vendas mediante páxinas web segundo a área xeográfica ... 57**
**G.96. Empresas con vendas á UE por web ou apps que tiveron dificultades ... 57**
**G.97. Tipos de dificultades nas vendas á UE ... 58**
**G.98. Porcentaxe das vendas mediante páxinas web ou apps ... 58**
**G.99. Vendas mediante páxinas web ou apps en función do total de vendas ... 59**
**G.100. Empresas que recibiron pedidos e reservas ... 59**

G.101. Distribución de vendas mediante páxinas web segundo a natureza do comprador ........ 60
G.102. Vendas mediante mensaxes tipo EDI ........ 60
G.103. Distribución de vendas mediante mensaxes tipo EDI segundo a área xeográfica ........ 60
G.104. Proporción das vendas mediante mensaxes tipo EDI ........ 61
G.105. Porcentaxe de vendas mediante mensaxes tipo EDI ........ 61
G.106. Distribución de vendas mediante mensaxes tipo EDI segundo a natureza do comprador ........ 62
G.107. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA) ........ 63
G.108. Empresas que empregan IA: Comparación Galicia e España ........ 63
G.109. Empresas que empregan IA: Comparación Galicia e España ........ 63
G.110. Solucións de IA nas empresas ........ 64
G.111. Empresas que analizaron Big Data ........ 65
G.112. Evolución do Indicador. Empresas que analizaron Big Data no último ano. Comparación Galicia e España ........ 65
G.113. Evolución do Indicador. Empresas que analizaron Big Data no último ano. Comparación Galicia e España ........ 66
G.114. Tipoloxía de Big Data analizada polas empresas por fonte ........ 66
G.115. Empresas que empregan algún tipo de robot: Galicia e España ........ 67
G.116. Empresas que empregan algún tipo de robot: Galicia e España ........ 67
G.117. Empresas por tipos de robot empregados: Galicia e España ........ 67
G.118. Empresas por tipos de robot empregados: Galicia e España ........ 68
G.119. Motivos das empresas para empregar robots: Galicia e España ........ 68
G.120. Motivos das empresas para empregar robots: Galicia e España ........ 69
G.121 Empresas con Medidas de Seguridade TIC ........ 70
G.122 Evolución do Indicador Empresas con medidas de seguridade TIC: Galicia e España ........ 70
G.123 Evolución do Indicador. Empresas con medidas de seguridade TIC: Galicia e España ........ 71
G.124 Tipoloxía de Medidas de Seguridade ........ 71
G.125 Empresas con algún incidente de seguridade TIC ........ 72
G.126. Empresas por tipo de incidente de seguridade TIC: Galicia e España ........ 72
G.127. Empresas por tipo de incidente de seguridade TIC: Galicia e España ........ 73
G.128. Xestión da seguridade TIC: Galicia e España ........ 73
G.129 Xestión da seguridade TIC: Galicia e España ........ 74

G.130. Empresas con seguro fronte incidencias de seguridade TIC: Galicia e España... 74
G.131 Empresas con seguro fronte incidencias de seguridade TIC: Galicia e España .... 74
G.132. Empresas por tipo de formación en seguridade TIC: Galicia e España..................75
G.133. Empresas por tipo de formación en seguridade TIC: Galicia e España..................75
G.134. Empresas con documentación sobre seguridade TIC: Galicia e España............... 76
G.135. Empresas con documentación sobre seguridade TIC: Galicia e España ............... 76
G.136. Revisión da documentación sobre seguridade TIC: Galicia e España ................... 76
G.137. Revisión da documentación sobre seguridade TIC: Galicia e España.....................77
G.138. Empresas con algún protocolo de seguridade TIC para o acceso remoto: Galicia e España ....................................................................................................................77
G.139. Empresas con algún protocolo de seguridade TIC para o acceso remoto: Galicia e España ....................................................................................................................77
G.140. Gasto en TIC das empresas durante o ano 2021.................................................... 78
G.141. Evolución do gasto en bens TIC das empresas durante o ano 2021:..................... 79
G.142. Evolución do gasto en TIC das empresas: Gasto Total en Software estándar ou a medida ...................................................................................................................... 79
G.143. Evolución do gasto en TIC das empresas: Gasto Total en Servizos en consultas TIC ............................................................................................................................ 80
G.144. Empresas que empregan medidas de reciclaxe: Galicia e España .........................81
G.145. Empresas que empregan medidas de reciclaxe: Galicia e España .........................81
G.146. Reciclaxe das equipas TIC: Galicia e España...........................................................81
G.147. Reciclaxe das equipas TIC: Galicia e España .......................................................... 82
G.148. Empresas que dispoñen de ordenadores segundo a actividade........................... 84
G.149 Empresas que dispoñen de conexión a Internet segundo a actividade ................ 85
G.150. Velocidade de conexión contratada segundo a actividade.................................. 85
G.151. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software aberto segundo a actividade ................................................................................................................. 86
G.152. Empresas que levan a cabo reunións remotas a través de Internet segundo a actividade ................................................................................................................. 87
G.153. Empresas que empregan especialistas TIC segundo a actividade ....................... 88
G.154. Actividades formativas TIC aos seus empregados/as segundo a actividade...... 88
G.155. Actividades formativas TIC aos seus empregados/as segundo CNAE.................. 89
G.156. Dispoñibilidade de Páxina Web segundo a actividade ........................................... 90
G.157. Dispoñibilidade de Páxina Web segundo o CNAE .................................................... 90
G.158. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as segundo actividade.........................................................................91

**G.159. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as segundo o CNAE....................91**

**G.160. Uso dos medios sociais segundo a actividade.................... 92**

**G.161. Uso dos medios sociais segundo o CNAE.................... 92**

**G.162. Empresas que compraron a través de Internet no último ano segundo a actividade. .................... 93**

**G.163. Empresas que venderon a través de Internet no último ano segundo a actividade .................... 93**

**G.164. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA) segundo a Actividade........ 94**

**G.165. Empresas que analizaron Big Data segundo a actividade.................... 95**

**G.166. Empresas que empregan algún tipo de robot segundo a actividade .................... 96**

**G.167. Empresas con medidas de seguridade TIC segundo a actividade .................... 97**

**G.168. Empresas que empregan medidas para diminuír o uso de papel segundo a actividade .................... 98**

**G.169. Empresas que empregan medidas para diminuír o consumo enerxético de equipos TIC segundo a actividade.................... 98**

**G.170. Empresas que dispoñen de ordenadores segundo a provincia .................... 100**

**G.171. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software de código aberto segundo a provincia.................... 100**

**G.172. Empresas que dispoñen de conexión a internet segundo a provincia ....................101**

**G.173. Empresas que levan a cabo reunións remotas a través de Internet segundo a provincia....................102**

**G.174. Empresas que empregan especialistas TIC segundo a provincia....................103**

**G.175. Actividades formativas TIC aos seus empregados segundo a provincia....................103**

**G.176. Dispoñibilidade de Páxina Web segundo a provincia.................... 104**

**G.177. Empresas que permiten o teletraballo segundo a provincia.................... 105**

**G.178. Uso das Redes Sociais segundo a provincia.................... 106**

**G.179. Empresas que compraron a través de Internet no último ano segundo a provincia....................107**

**G.180. Empresas que venderon a través de Internet no último ano segundo a provincia ....................107**

**G.181. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA) segundo provincia .................... 108**

**G.182. Empresas que analizaron Big Data segundo a provincia .................... 109**

**G.183. Empresas que empregaron algún tipo de robot segundo a provincia....................110**

**G.184. Empresas con medidas de seguridade TIC segundo a provincia ....................111**

**G.185. Empresas que empregan medidas para diminuír o uso de papel segundo a actividade .................... 112**

G.186. Empresas que empregan medidas para diminuír o consumo enerxético de equipos TIC segundo a actividade........ 112

# Índice de táboas

C.1 Empresas con sede en Galicia........ 9
C.2 Empresas con sede en Galicia........ 11
C.3 Estrato de Asalariados/as por Provincia. ........ 11
C.4 Empresas con sede en Galicia........ 12
C.5. Número de días en término medio por semana no que os empregados/as teletraballan........ 43
C.6. Compras mediante comercio electrónico en miles de €........ 50
C.7. Compras mediante páxinas web ou apps en miles de €........ 52
C.8. Compras mediante mensaxes tipo EDI en miles de €........ 54
C.9. Vendas mediante comercio electrónico en miles de €........ 56
C.10.Vendas mediante páxinas web en miles de € ........ 59
C. 11. Vendas mediante mensaxes tipo EDI........ 61

# ANEXO: DESCRICIÓN DE CNAES 2009

**1. Total Industria:**

1.1. Alimentación, bebidas, tabaco, textil, pezas de vestir, coiro e calzado, madeira e cortiza, papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados **(CNAE 10-18)**

1.2 Coquería e refino de petróleo, produtos farmacéuticos, caucho e plásticos, produtos minerais non metálicos **(CNAE 19-23)**

1.3 Metalurxia fabricación de produtos metálicos **( CNAE 24-25)**

1.4. Produtos informáticos, electrónicos e ópticos, material e equipo eléctrico, maquinaria e equipo, vehículos a motor, material de transporte, mobles e outras industrias manufactureiras, reparación de maquinaria e equipo **(CNAE 26-33)**

1.5. Enerxía e auga **(CNAE 35-39)**

**2. Construción (CNAE 41-43)**

**3. Total Servizos: (excluídas CNAE 56: servizos de comidas e bebidas, CNAE 75 e financeiras)**

3.1. Venda e reparación de vehículos de motor, comercio polo xunto e polo miúdo **(CNAE 45-47)**

3.2. Transporte e almacenamento **(CNAE 49-53)**

3.3. Servizos de aloxamento **(CNAE 55)**

3.4. Información e comunicacións **(CNAE 58-63)**

3.5. Actividades inmobiliarias **(CNAE 68)**

3.6. Actividades profesionais, científicas e técnicas (agás as veterinarias) **(CNAE 69-74)**

3.7. Actividades administrativas e servizos auxiliares (incluídas axencias de viaxes) **(CNAE 77-82)**

**4. Sector TIC (261-264, 268, 465, 582, 61, 6201, 6202, 6203, 6209, 631, 951)**